

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Fonte da Cruz de Cardeita

A Fonte da Cruz de Cardeita esta preto de Sandiás (Ourense). Hoxe non sabemos se existirá posto que esa zona, onde había moitas lagas, foi concentrada.

»A saída do pobo hay nunh'a horta da "Crú de Cardeita" unha fonte cuberta de zarapallada por'a veira, y'alí sale, ó día de San Juan, antes de nacer'o sol, unha cobra moi grande, qu'é unha persoa encantada. Trai un caravel na boca, y'o que llo quite co'a boca d'il, ten moito diñeiro, e s'e home, a cobra vólvese muller, e viceversa; pero s'está alí e non ll'o quita, cómeo a cobra».

[Texto remitido por Xavier Feixoo, Sandiás, Ourense]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE

SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós, números 89, 90 e 93, xuño-setembro, 1931.

BIBLIOGRAFÍA:

www.concellodesandias.com, web de Cultura Popular do concello de Sandiás a cargo de Xavier Feixoo.